

Ola pequerrechos e pequerrechas!! Como estades?? Seguro que moi ben!!

Puidestes ver as cousas fermosas que nos trae a primavera?

Se tedes a sorte de ter un xardín, seguro que moito máis ...

Teño uns carteis moi chulos con moitas flores que me gustaría ensinarvos no cole, pero como non pode ser... mándovolos un pouco máis pequeniños a través da páxina web do cole.

A ver a ver.... Imos comprobar canto sabedes de flores!!

Na páxina seguinte hai varios pareados sobre elas. Xa veredes!

Riman como os poemas que xa tedes visto outras veces!

Anímovos a que os leades e disfrutedes e, xa que estamos, buscar ao lado a que flor á que se refire.

Cal é a túa flor favorita??



*Nunha rosa moi coqueta soñaba unha bolboreta.*



*Un caravel namorado xoga co vento calado.*



*Enche o campo a margarida, todo se cobra de vida!*

*Un pequeno tulipán coido aquí na miña man.*



*Cando se abre unha cala o xardín viste de gala.*



*Que amarelo o botón de ouro!  
Dáme a min o teu tesouro!*

